

III Plan de rescate da Xunta de Galicia - PROGRAMA I AUTÓNOMOS/AS EN ESTIMACIÓN OBXECTIVA (TR600A)

Persoas beneficiarias

Aberto o prazo ata o
14 de xullo

Orzamento:
150.000.000 €

Persoas traballadoras autónomas en alta no RETA ou Réxime do Mar por conta propia e mutualistas en réxime de estimación obxectiva (módulos).

Persoas autónomas de tempada que estivesen en alta un mínimo de 4 e un máximo de 9 meses en 2019 ou 2020.

- ✓ Axudas **compatibles** con outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas.
- ✓ Axuda **incompatible cos programas TR600B e TR600C**, podendo acceder a un único programa por persoa beneficiaria.



Requisitos

1. Ter **domicilio fiscal** en Galicia.
2. Desenvolver a actividade nos **CNAE incluídos no Anexo I do RD-L 5/2021**.
3. De non estar incluído neses CNAE, ter unha **caída de volume de operacións declarado ou comprobado** no 2020 de **polo menos o 40%** respecto ao 2019.
4. Ter **cantidades pendentes de pago** a provedores ou acredores de custos devengadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021 (contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021).
5. Os pagos deben estar **pendentes** na data de solicitude.
6. **Estar ao corrente** coa AEAT, ATRIGA a Seguridade Social.
7. Non ter solicitado concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso.*

*Salvo que exista convenio que teña adquirido eficacia

III Plan de rescate da Xunta de Galicia - PROGRAMA I AUTÓNOMOS/AS EN ESTIMACIÓN OBXECTIVA (TR600A)

Destino da axuda | Gastos subvencionables

- O pago da débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros.
- O pago da débeda dos custos fixos incorridos.

Os pagos, **deberán cumprir os seguintes requisitos:**

- a) Proceder de compromisos contractuais anteriores ao 13 de marzo de 2021.
- b) A obriga de pago debe ter nacido entre o 1 de marzo do 2020 e o 31 de maio de 2021.
- c) Os pagos deben estar pendentes na data da presentación da solicitude.

Obrigatoriamente a persoa beneficiaria debe destinar a axuda:

- En **primeiro lugar**, ao pago das débedas a provedores e outros acredores non financeiros, así como os custos fixos nos que incorrera, **por orde de antigüidade** e,
- Se procede, en **segundo lugar**, a reducir o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.

Contía da axuda

Pago anticipado do
100% da axuda

O importe máximo da axuda será de **3.000 euros****

As cantidades pendentes de pago **deberán ser de importe igual ou superior** á axuda solicitada, de tal xeito que o importe da axuda **nunca poderá ser superior ás débedas** ou cantidades pendentes da persoa solicitante.

****** As persoas autónomas de tempada percibirán unha minoración do 50% respecto do importe establecido.

Supostos excepcionais de baixada do volume de operacións

Altas (ou cambios estruturais) realizadas ao longo do ano 2019

A caída de volume de operacións calcularase comparando o **volume de operacións medio mensual** dos meses con actividade do ano 2019 co **volume de operacións medio dos doce meses** do ano 2020.

Altas (ou cambios estruturais) entre o 01/01/2020 e o 31/03/2020

A caída do volume de operacións calcularase comparando o **volume de operacións medio mensual dos meses con actividade** do primeiro trimestre do 2020 co **volume medio mensual dos tres trimestres restantes** do ano 2020.